

**BASES DA CONVOCATORIA
DO I PREMIO LOIS TOBÍO DE INVESTIGACIÓN XURÍDICA EN LINGUA GALEGA**

1. Obxecto

O Premio Lois Tobío ten por obxecto incentivar a realización de traballos de investigación xurídica en lingua galega entre estudantes e persoas licenciadas en Dereito.

2. Convocatoria

Convócase o I Premio Lois Tobío de Investigación Xurídica en Lingua Galega para o ano 2010.

3. Participantes

Poderán participar na presente convocatoria todos/as aqueles/as estudantes matriculados/as no curso 2009-2010 en calquera das titulacións oficiais que se imparten na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

Así mesmo, poderán participar doutores/as en Dereito cuxo posto de traballo ou desenvolvemento das súas funcións teña lugar na comunidade autónoma galega, así como investigadores predoutorais das tres universidades galegas.

4. Contido e extensión dos traballos

Os traballos deberán ser inéditos e estarán redactados en lingua galega. Poderán versar sobre calquera aspecto susceptible de ser analizado baixo metodoloxía xurídica. A extensión non poderá sobordar os 20 folios mecanografados con tipo de letra CG Times a 12 puntos, interliñado sinxelo.

5. Contido do premio

O premio concederáse en dúas modalidades (unha para profesorado e outra para estudantado) suporá:

- a) Unha dotación económica de 600 € para a modalidade de estudantado.
- b) Unha dotación económica de 900 € para a modalidade de doutores/as en Dereito e investigadores predoutorais das tres universidades galegas.

- c) A publicación do traballo no Anuario da Facultade de Dereito, con expresa mención da concesión do premio.

Este premio irá con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.08 e sobre as cantidades anteriores efectuaranse as retencións do IRPF segundo a normativa que corresponder.

6. Modo de presentación de traballos

Os traballos serán presentados en sobre pechado, baixo lema, en calquera rexistro oficial da Universidade da Coruña, dirixidos a “Premio Lois Tobío” Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Dereito. Campus de Elviña, 15071 A Coruña. No sobre indícarase igualmente a modalidade a que se concorre: estudantado ou profesorado. Deberá incluírse unha versión en papel e outra en formato electrónico do traballo.

En sobre á parte, tamén pechado e baixo o mesmo lema, deberá facerse constar a identidade e os datos académicos completos da persoa participante, así como un teléfono e un correo electrónico de contacto. Deberá, asemade, achegarse unha fotocopia do DNI.

7. Prazo de presentación

Os traballos poderán ser presentados antes das 14:00 do día 15 de outubro de 2010.

8. Xurado da convocatoria

O Xurado do Premio Lois Tobío estará formado polas seguintes persoas:

- a) Eloy Gayán, decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.
- b) José Ángel Brandariz, membro da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.
- c) Xosé Manuel Carril Vázquez, membro da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.
- d) David Soto, membro da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

- e) Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

Os membros do xurado non poderán presentarse ao premio, nin recibirán ningunha cantidade pola súa participación neste.

9. Criterios de resolución

O xuri atenderá os seguintes criterios para resolver o Premio:

- a) Interese, orixinalidade e pertinencia da materia obxecto de análise.
- b) Calidade e rigor da metodoloxía xurídica empregada.
- c) Corrección na utilización da lingua galega.

10. Resolución do Premio

O xuri reunirse e resolverá o Premio nos 10 hábiles días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

11. Acto público de entrega

Sen prexuízo da súa liquidación económica, a entrega do premio terá lugar no acto público de celebración do Patrón da Facultade de Dereito.

12. Disposición final

A presente convocatoria está excluída da aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, conforme ao establecido no seu artigo 4.1 a).

A Coruña, 14 de xuño de 2010

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luís Caparrós Esperante